

LENDA DA POZA MOURA

Xusto onde agora está a fervenza do Cenza hai unha poza, que lle chaman a poza da moura e alí tamén hai unha pa que lle chaman a pa moura.

Dicían os vellos que cando os mouros tiveron que marchar de aquí, alí na pa moura quedou unha señora.

Un día unha rapaza da casa dos que lle chamaban "Manuel do Sidro", ía coas vacas para un lameiro que tiñan alí perto, todos os días saíalle aquela señora e peiteaba os seus cabelos cun peite de prata.



Entón a rapaza contoulle ós seus pais que todos os días lle saía aquela señora e peiteábase daquela maneira e que empregaba para iso un peite de prata. A súa nai ó oír o que lle contaba a rapaza díxolle:

-Cando a moura acabe de peitearse e pouse o peite, ti cóllello e foxes con el.

Entón a rapaza así o fixo e nun descuido da moura colleulle o peite e fuxiu con el. Botou a correr, a moura veu detrás dela ata as casas da aldea, mais ó chegar onde hoxe está o prado do "Fernando do Pepito" a moura deixou de perseguila e parou.

A rapaza meteuse na aldea e a moura berráballe:

-¡ Ladroa, levas peite para ti e para todos os teus descendentes!

(Aurelio Alonso Núñez, 74 anos, Vilariño de Conso)